

VIERNES, 22 de octubre de 2010

REPORTAJE: LUCES

O teatro invisíbel

As novas formas existen na dramaturxia galega, mais os seus impulsores constantan as dificultades para acceder aos circuitos de exhibición

DANIEL SALGADO | 22 OCT 2010

"O novo teatro si que existe, o que pasa é que non se ve", non dubida Vanesa Martínez Sotelo (Cangas, 1981). A escritora e directora, que vén de estrear *Kamouraska* ao mando da compañía Inversa, conclúe no mesmo punto que crítica e colegas: hai procura dunha outra dramaturxia, pero non hai espazo sobre as táboas. "Teño unha sensación claustrofóbica", resume Afonso Becerra (Becerreá, 1973), tamén rexidor escénico, "por unha banda, dise que o teatro galego é unha charangada; por outra, os programadores levan 20 anos programando as mesmas compañías". Esta semana en Santiago, a Feira das Artes Escénicas permitiu comprobar o papel subsidiario que aínda ocupan as vías alternativas á escena convencional.

Matarile, fundada nos anos oitenta, foi pioneira da modernidade

Segundo a crítica, a renovación procede da interacción coa danza ou coa imaxe

Pero a primeira dificultade consiste en diagramar qué obxecto pode responder ao epígrafe "novo teatro". "O discurso dramático", considera o crítico Camilo Franco, "non se establece entre o vello e o novo". Porén, a perda de centralidade do texto, a interacción coa danza ou co rexistro de imaxe en movemento, o despezo dos personaxes, a ausencia de liñalidade narrativa e a lectura de Heiner Müller ou Sarah Kane son trazos comúns en determinadas agrupacións. Esas que recollen o testemuño de Matarile, nos anos oitenta pioneiros da modernidade da man de Ana Vallés.

Para Inma López Silva, profesora na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e quen saca o nome dos autores de *Illa Reunión*, a renovación nas táboas procede "do mesmo lugar do que procedeu a renovación na Europa dos oitenta e dos noventa, da danza, do vídeo". E nesas coordenadas traballan, entre outras, Elefante Elegante, NUT Teatro, Voadora ou Teatro Nu.

"Si que hai tentativas de novas linguaxes escénicas, tentativas de progresión, pero nin a crítica está preparada, nin os programadores", afirma contundente Becerra, "si está preparado o público". A súa última montaxe con Ónfalo Teatro, *Na meta (Sálvese quen poida)* do austríaco Thomas Bernhard, foi unha das tres escollidas para a feira por un xurado á marxe de criterios cuantitativos -público e número de funcións. "Os programadores dixéronlle á nosa distribuidora que a obra lles gustara, pero que non encaixaba nas súas programacións", lamenta, "e iso que é un traballo que conta co público, que non arrisca tanto, e no que se pode ver maxia, acrobacia, humor...".

Santiago Cortegoso (Domaio, Moaña, 1974) presentou estes días *A filla de Woody Allen*. Sobre a posíbel existencia dun "teatro novo", di con sorna: "Iso é como falar de se hai vida intelixente en Marte". Non lle praxe excesivamente a etiqueta e prefire referirse a "novos creadores". "É certo que hai unha praxe máis contemporánea, aínda que a palabra non me

gusta moito, e que se bota menos man dos textos de repertorio", afirma, e coloca a mesma reflexión que os seus compañeiros: "Outra cousa é a saída, conseguir distribuír os traballos. Iso é complicado, porque hai unha serie de compañías moi asentadas que ocupan os espazos".

O circuío teatral en Galicia só existe en réxime institucional: a rede de Agadic -arredor de 50 escenarios-, os teatros das deputacións e as caixas de aforros. Matarile pechou hai anos a sala que mantiña en Santiago, a Galán, e só a Nasa, tamén na capital, ou o Ensalle de Vigo, que funciona máis con artistas foráneos, exploran as zonas non hexemónicas da dramaturxia. "O teatro, igual que o resto da sociedade galega, está en regresión, na infraestrutura e no creativo", esténdese Camilo Franco, "e non é que haxa falta de ambición, senón que hai certo medo". O crítico de *La Voz* fala do "mercado cautivo institucional" e da "rebaixa do artístico". "Noto nas compañías a procura dun teatro para un público masivo", engade.

E, con todo, a fórmula non funciona. Masivo, no contexto galego, significa 150 persoas no patio de butacas. "É que o teatro galego sempre tivo unha vocación experimental que debe abrirse oco na rede institucional, máis que crear unha alternativa", sinala López Silva, quen escribe sobre a escena para a revista *Tempos Novos*, "e ao tempo sempre houbo quen lexitimamente se preocupou máis pola normalización dos espectadores.". Camilo Franco non suscribe exactamente a apreciación: "Porque ao cabo, aquí o teatro galego sempre foi o alternativo fronte ao español".